

Estimadas familias

Comezamos na aula un proxecto de investigación e traballo sobre **EXIPTO**, coa finalidade de crear un pequeno documental e construír unha pirámide na aula. Por tal motivo agradeceríamos que **adicásedes uns minutos cos vosos fillos para buscar información sobre o tema**, para que poidan traerla á aula e así empregala, xunto coa que aporten o resto dos compañeiros e compañeiras, na investigación que levaremos a cabo.

Serve calquera fotografía, libro, vídeos, ligazóns e información de internet, vídeos, debuxos, recortes de revistas... sempre e cando a busquedes con eles e “escoitedes o que vos teñen que dicir ó respecto”. No caso de que non dispoñades de información non pasa nada, non é necesario que a merquedes a propósito.

Por suposto tamén podedes enviárnola á nosa conta de e-mail [infantilcampolameiro@gmail.com](mailto:infantilcampolameiro@gmail.com), se vos resulta máis cómodo.

Lembrede que na páxina web do centro iremos contando, como sempre, o proceso de traballo nestes proxectos para que coñezades o que están a facer os vosos fillos/as na aula (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcervinho/>)

Gracias adiantadas pola vosa colaboración.

Mestre-titor EDUCACIÓN INFANTIL 2

